



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Tesourería e Recadación

*Plan de disposición de fondos do Concello da Coruña*

##### DECRETO:

Vista a proposta formulada pola Tesourería Municipal coa conformidade do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, de conformidade co previsto no artigo 187 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no artigo 65.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos e, o previsto na Base de Execución nº17 do orzamento xeral de 2020, prorrogado ao exercicio 2021,

**RESOLVO:** Aprobar o seguinte Plan de Disposición de Fondos da Tesourería do Concello de A Coruña.

##### PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DO CONCELLO DE A CORUÑA.

##### 1. Marco conceptual.

A xestión da tesourería esixe dispor de instrumentos adecuados que garanten liquidez suficiente para o puntual pago das obrigas e optimice o emprego dos recursos financeiros.

O Plan de Disposición de Fondos (PDF en adiante) é un instrumento de planificación da tesourería municipal no que se recollen os criterios a aplicar na expedición das ordes de pago e a orde de prioridade na súa materialización, de acordo cos parámetros de liquidez existentes, constituíndo unha ferramenta eficaz para regular a liquidez do sistema financeiro local.

O obxectivo do PDF do Concello é conseguir una adecuada distribución temporal dos pagos, que se axeite ás dispoñibilidades de efectivo previstas na Tesourería Municipal de acordo cos fluxos dos ingresos, permitindo una correcta estimación de las necesidades de endebedamento e a optimización dos recursos dispoñibles.

A xestión dos fondos que integran a Tesourería se realizará baixo o principio de unidade de caixa coa centralización do todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e non orzamentarias, utilizando todos os recursos monetarios dispoñibles para o pago das obrigas.

##### 2. Réxime Xurídico.

O réxime xurídico dos PDF das Administracións Locais, está recollido nas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais (TRLRFL).

O artigo 187 recolle a existencia con carácter obrigatorio do Plan de Disposición de Fondos ao dispoñer *“La expedición de las órdenes de pago habrá de acomodarse al plan de disposición de fondos de la tesorería que se establezca por el presidente que, en todo caso, deberá recoger la prioridad de los gastos de personal y de las obligaciones contraídas en ejercicios anteriores”*.

O artigo 196 establece como función encomendada á tesourería das entidades locais *“Recaudar los derechos y pagar las obligaciones”*.

- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RXFHN).

O artigo 5 sinala que a función de tesourería comprende *“1.º La formación de los planes, calendarios y presupuestos de Tesorería, distribuyendo en el tiempo las disponibilidades dinerarias de la Entidad para la puntual satisfacción de sus obligaciones, atendiendo a las prioridades legalmente establecidas, conforme a los acuerdos adoptados por la Corporación, que incluirán información relativa a la previsión de pago a proveedores de forma que se garantice el cumplimiento del plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad. ...3.º La realización de los cobros y los pagos de conformidad con lo dispuesto en la normativa vigente, el Plan de Disposición de Fondos y las directrices señaladas por la Presidencia, autorizando junto con el ordenador de pagos y el interventor los pagos materiales contra las cuentas bancarias correspondientes”*.

· Constitución Española, cuxa última modificación foi publicada no Boletín Oficial do Estado número 233, de 27 de setembro de 2011 (CE).

O artigo 135.3 establece o seguinte: *“..... Los créditos para satisfacer los intereses y el capital de la deuda pública de las Administraciones se entenderán siempre incluidos en el estado de gastos de sus presupuestos y su pago gozará de prioridad absoluta. Estos créditos no podrán ser objeto de enmienda o modificación, mientras se ajusten a las condiciones de la ley de emisión.”*

· Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

No seu artigo 14 tamén establece a prioridade absoluta de pago de débeda pública. *“El pago de los intereses y el capital de la deuda pública de las Administraciones Públicas gozará de prioridad absoluta frente a cualquier otro gasto.”*

· Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (RD500/90).

O artigo 65.2 recolle o seguinte: *“La expedición de órdenes de pago se acomodará al plan de disposición de fondos que se establezca, con la periodicidad y vigencia que el mismo determine, por el Presidente de la Entidad o por el órgano competente facultado para ello en el caso de Organismos autónomos dependientes. El plan de disposición de fondos considerará aquellos factores que faciliten una eficiente y eficaz gestión de la Tesorería de la Entidad y recogerá necesariamente la prioridad de los gastos de personal y de las obligaciones contraídas en ejercicios anteriores.”*

· Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, por remisión do artigo 194.3 do TRLRFL (LXO)

Os artigos 106 e 107 contemplan a existencia con carácter obrigatorio, dun Orzamento Monetario, cuxo antecedente é o plan de disposición de fondos ao que haberá de acomodarse a expedición das ordes de pago, sendo o seu obxecto conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagos e unha correcta estimación da necesidade de endebedamento. O artigo 107 dispón *“1. Con carácter general, la cuantía de los pagos ordenados en cada momento se ajustará al Presupuesto monetario, señalado en el artículo anterior. 2. El Ordenador de Pagos aplicará criterios objetivos en la expedición de las órdenes de pago, tales como la fecha de recepción, el importe de la operación, aplicación presupuestaria y forma de pago, entre otros.”*

### **3. Prioridades na ordenación e execución material dos pagos.**

PRIMEIRO. Na ordenación dos pagos cumprírase co pago de todas as obrigas recoñecidas, orzamentarias ou non, para dar cumprimento aos prazos máximos de pago contidos na normativa de contratación do sector público e na que regula a débeda comercial do sector público.

Cando as dispoñibilidades de tesourería actuais e os recursos dispoñibles previstos no Orzamento de Tesourería para o seguinte trimestre, resulten suficientes para atender aos custos de persoal, ás obrigas da débeda e ao resto dos pagos previstos para cada un dos meses do citado período, os criterios a aplicar na expedición das ordes de serán os seguintes:

1) Establécese a prioridade de pago da débeda por cotas de capital e xuros, dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

2) En execución de orzamento corrente, por orde de antigüidade. A antigüidade para orde de prioridade do pago de obrigas dentro de cada grupo homoxéneo virá determinada pola data de aprobación do recoñecemento da obriga orzamentaria ou non orzamentaria.

SEGUNDO. Quedan exceptuados da aplicación destes criterios, sen que supoñan unha quebra á orde de prelación, polo seu carácter de pagos sen saída de fondos ou por estar condicionados á previa recepción da información desde a aplicación de xestión da recadación, a realización de:

a) Os pagos en formalización o sen saída material de fondos, como as compensacións ou rectificacións contables, que se tramitarán e resolverán a maior brevidade posible.

b) Os pagos de obrigas con orixe en gastos financiados con ingresos afectados que, por disposición legal ou por convenio, o seu financiamento constituía tesouraría separada.

c) As devolucións de fianzas e depósitos en metálico, cando a información destes ingresos se reciba en procesos xerados desde a aplicación de xestión tributaria e recadación. Estes se tramitarán á maior brevidade posible unha vez contabilizados os procesos de cobro.

d) Os pagos orixinados por actos firmes de devolución de ingresos derivados da normativa do tributo e por pagos derivados de ingresos duplicados ou excesivos. Estes se tramitarán a maior brevidade posible unha vez recibida a información e os procesos previamente xerados na aplicación de xestión tributaria e recadación.

#### 4. Situación de falta de liquidez e orde de prelación nos pagos

Cando as dispoñibilidades de tesourería, certas ou estimadas razoablemente, non permitan atender o pago da totalidade das obrigas orzamentarias e pagamentos non orzamentarios vencidos e esixibles, e os recursos previstos no Orzamento de Tesourería para o seguinte período trimestral non se estimen suficientes para atender a totalidade dos gastos previstos para o citado período, establécense as seguintes prioridades na orde e execución material de pagos:

##### 1º nivel: Gastos por operacións de endebedamento. Capítulos 3 e 9.

Pago de obrigas derivadas de operacións de endebedamento a curto ou longo prazo correspondentes a xuros e amortización do principal. Neste nivel atópanse os gastos dos capítulos III e IX do orzamento. Tamén se inclúe neste nivel o pago da cancelación, no seu caso, das operacións de tesourería. Artigo 135 da CE e artigo 14 da LOEPSF.

##### 2º nivel: Pagos líquidos ao persoal. Capítulo 1.

Pago líquido das retribucións do persoal do Concello e dos seus entes dependentes. Entenderanse incluídas nas retribucións líquidas do persoal os gastos sociais e calquera outros conceptos retributivos incluídos en nómina.

Neste nivel inclúense as aportacións a realizar aos entes dependentes do Concello para atender aos pagos incluídos neste nivel. Para a ordenación de estes pagos será requisito que se aporte a xustificación do importe do pago que se solicita e a súa finalidade, debidamente asinada polo responsable de cada ente.

##### 3º nivel: Cotas sociais, tributos á A.E.A.T. e outras retencións ao persoal.

3.1. Pagos mensuais a conta a favor da Seguridade social e, no seu caso, o importe que resulte a pagar pola regularización efectuada unha vez rematado o exercicio. Nestas entregas inclúense as cotas de cotización retidas aos traballadores e as achegas da entidade aos Réximes da Seguridade Social. Inclúense neste nivel os pagos mensuais das achegas do Concello a calquera outro réxime especial.

3.2. Pagos non orzamentarios polas cotas tributarias retidas aos empregados polo IRPF, dereitos pasivos, embargo de soldos e salarios, retencións sindicais e por calquera outro tipo de retencións practicadas na nómina.

3.3. Pagos non orzamentarios a realizar á Axencia Tributaria polos tributos retidos a terceiros perceptores de rendas aboadas polo Concello ou polas cotas que resulten da liquidación do Imposto sobre o valor engadido.

3.4. Aportacións aos entes dependentes do Concello para atender aos pagos incluídos neste nivel. Para a ordenación de estes pagos será requisito que se aporte a xustificación do importe do pago que se solicita e a súa finalidade, debidamente asinada polo responsable de cada ente.

##### 4º nivel: Pagos de diversa natureza.

4.1. Pagos e depósitos a realizar correspondentes a obrigas recoñecidas no exercicio mediante acordos adoptados polo Concello para dar cumprimento a sentenzas xudiciais ou resolucións administrativas firmes que inclúen un mandato de pago inmediato de cantidade certa.

4.2. Pagos derivados de acordos firmes de devolución de ingresos indebidos, duplicados ou excesivos, de garantías, fianzas ou depósitos constituídos en metálico ante o Concello.

##### 5º nivel: Pagos de obrigas contraídas en exercicios anteriores. Capítulos 2 e 6.

Pago de obrigas recoñecidas en exercicios anteriores, como contraprestación das operacións comerciais realizadas entre empresas e o Concello de conformidade co disposto no artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Nesta mesma posición situaranse as obrigas por operacións comerciais de exercicios anteriores recoñecidas mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos e as que se recoñezan en virtude do establecido no apartado II da actual Base 5ª do Orzamento.

##### 6º nivel: Pagos de operacións comerciais. Capítulos 2 e 6.

Os pagos de obrigas contraídas no exercicio corrente como contraprestación das operacións comerciais realizadas entre empresas e o Concello, de conformidade co disposto no artigo 198.4 da LCSP. Neste nivel atópanse os gastos dos capítulos II e VI. O criterio de pago axustarase á data de aprobación da obriga recoñecida previamente fiscalizada pola Intervención.

##### 7º nivel: Outro tipo de pagos. Capítulos 4 e 7 e os non incluídos en apartados anteriores.

O resto de pagos orzamentarios e non orzamentarios non incluídos en niveis anteriores, como transferencias e subvencións, realizaranse atendendo á data da obriga recoñecida previamente fiscalizada pola Intervención

### Excepcións pola natureza dos pagos.

Quedan exceptuados da aplicación deste Plan de Disposición de Fondos, sen que supoña unha quebra ao principio de prelación, os seguintes:

1) A realización de pagos en formalización contable e aqueles que se realicen, con motivo de corrección contable, sen saída material de fondos.

2) Os pagos de obrigas con orixe en gastos con financiación afectada que, por disposición normativa, a súa financiación constitúa tesourería separada, por esixirse unha conta bancaria específica para os ingresos e pagos do proxecto.

### Normas de aplicación específicas:

1) Cando da programación das disponibilidades líquidas que deberá realizar trimestralmente a Tesourería Municipal, se prevea que o cumprimento da orde de prelación que se establece no presente PDF, levará a unha dubidosa cobertura de obrigas dos niveis 1º, 2º e 3º en algún dos períodos mensuais do período programado, axustarase a programación prevista dos pagos trimestrais de calquera outra obriga, a fin de dotar da oportuna cobertura ás obrigas incluídas nos citados niveis.

2) A Tesourería reterá pagos para a súa compensación con débedas tributarias e demais de natureza pública, a favor do Concello de A Coruña, nos termos establecidos na normativa vixente sobre xestión e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais.

3) A orde de prioridade do pago de obrigas dentro de cada nivel será o de antigüidade que estará determinada pola data de recoñecemento da obriga orzamentaria ou non orzamentaria.

4) Gastos financiados con subvencións finalistas. Cando se trate de gastos financiados con subvencións finalistas nos que o seu cobro estea condicionado á xustificación do pago dos citados gastos ou, en caso de reintegro de subvencións, cuxa xustificación sexa necesaria para a obtención da concesión ou cobro doutras subvencións, poderase alterar a orde de prelación dos pagos coa exclusiva finalidade de xustificar aqueles, respectando, en todo caso, o privilexio dos pagos incluídos nos niveis de prioridade 1º, 2º, 3º e 4º.1. Neste suposto o aboamento deberá ser solicitado polo xefe de servizo correspondente e incorporará a conformidade do ordenador de pagos. A solicitude deberá identificar claramente os gastos que se solicita sexan aboados con indicación da subvención finalista que os está financiando facendo constar que a xustificación do aboamento dos gastos é requisito para o cobro da subvención.

5) Resolucións motivadas. Tendo en conta o disposto no artigo 107.2 da LXO, en canto á aplicación de criterios obxectivos na expedición das ordes de pago e polo tanto, na realización material do mesmo, establécense os seguintes criterios para a flexibilización da expedición das ordes de pago e a súa materialización. Así, mediante resolución motivada, o/a ordenador/a de pagos poderá ordenar o pago de obrigas recoñecidas non preferentes correspondentes aos seguintes gastos:

a) Gastos do capítulo II que se consideren esenciais para o correcto funcionamento da actividade do Concello ou de determinados servizos ao cidadán ou cando o atraso dun determinado pago poida afectar substancialmente ao mantemento da capacidade produtiva e ao nivel de emprego do acreedor respectivo, deixando constancia formal diso na correspondente orde de pago.

b) Gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades esenciais e básicas da entidade, así como aqueles que evitan a interrupción dos servizos públicos.

c) Gastos por transferencias para atencións de carácter benéfico asistenciais e para atencións a grupos con necesidades especiais, actualmente tramitados a través de anticipos de caixa fixa.

d) Gastos do capítulo II que se teñan que realizar por disposicións legais cuxa non realización suporía un quebranto e unha ilegalidade ou demora no procedemento administrativo, ou por tratarse de expedientes suxeitos a prazo, tales como publicacións obrigatorias en boletíns oficiais ou prensa, pago de notarios, rexistradores, pago de débedas tributarias, ou outros pagos de similar natureza.

A ordenación de pagos alterando a orde de prelación establecido en neste Plan de disposición de Fondos, en ningún caso poderá impedir o cumprimento dos pagos incluídos nos niveis 1.º, 2.º y 3.º

### 5. Tramitación do pago material.

5.1. Corresponderá a Tesourería Xeral o inicio do proceso de pago das ordes de pago, conforme ao establecido nas disposicións legais e ao previsto no PDF aprobado polo Concello. O inicio da tramitación se instrumentará mediante a emisión e sinatura da Tesoureira da correspondente proposta de "ordenación de pago" colectiva ou individual. Posteriormente a proposta será remitida para a súa fiscalización e recollerá sinatura do Interventor, no exercicio da función de intervención formal da ordenación do pago (artigo 214.2.b TRLRFL). Por último, o documento de ordenación de pago será asinado polo Ordenador de pagos.

5.2. A execución material dos pagos realizarse mediante ordes de transferencia subscribas polos autorizados nas contas bancarias de titularidade do Concello, asinando en primeiro lugar o Interventor, ó que lle corresponde a intervención material do pago, a continuación o Ordenador de Pagos e en último lugar a Tesoureira, que remitirá á entidade bancaria a orde xunto co ficheiro normalizado en vigor.

5.3. No suposto de que o Ordenador de Pagos considere convinte ou necesario alterar a prioridade de pago poderá propor a ordenación de un ou varios pagos, o que se efectuará mediante resolución motivada tal e como se sinala no punto 4 deste PDF.

5.4. Se a ao fiscalizar a/s orde/s de pago se considera que non se están respectando os criterios establecidos nas disposicións legais de aplicación e no PDF do Concello, lle corresponderá ao Órgano Interventor formular reparo por escrito, de acordo co disposto no artigo 215 do TRLRFL e de conformidade co regulado nos artigos 10 a 15 e 21 a 23 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

#### **6. Vixencia e entrada en vigor.**

O presente Plan de Disposición de Fondos entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial» da provincia de A Coruña, aos efectos do disposto no artigo 131 da Lei de 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), mantendo a súa vixencia ata que sexa modificado ou anulado por norma posterior de igual ou superior rango.

Contra a presente Resolución poderase interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo nos termos, forma e prazos previstos Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá publicarse no portal de transparencia en normativa de aplicación.

A Coruña, a 31 de xaneiro de 2022

A Alcaldesa,

Inés Rey García

2022/605